

Eu son libre. Nada pode conter a marcha dos meus pensamentos, e eles son a lei que rexe o meu destino.

23 DE FEBREIRO

Día de Rosalía

O 23 de febreiro, data do aniversario do nacemento da autora, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) propón á cidadanía que agasalle cun libro en galego e cunha flor ás amizades e persoas queridas.

Dende o EDLG gustaríanos que toda a comunidade se sume a esta fermosa iniciativa da AELG, e dende o centro sumarnos ao seu lema deste 2022

#SementadePensamentos:

Como a flor favorita de Rosalía de Castro eran os pensamentos, plantade esta (ou outra) fermosa flor no patio ou no horto como agasallo de aniversario.

Propoñémosvos tamén agasallar ao alumnado, e mesmo ás familias, recitando poemas de Rosalía:

23 DE FEBREIRO- DÍA DE ROSALÍA

Nasín cando as prantas nasen

Nasín cando as prantas nasen,
no mes das froles nasín,
nunha alborada mainiña,
nunha alborada de abril.
Por eso me chaman Rosa,
mais a do triste sorrir,
con espiñas para todos,
sin ningunha para ti.

(...)

O meu corasón che mando
cunha chave para o abrir.
Nin eu teño mais que darche,
nin ti máis que me pedir.

23 DE FEBREIRO- DÍA DE ROSALÍA

Meses de inverno fríos

Meses de inverno fríos,
que eu amo a todo amar;
meses dos fartos ríos
i o doce amor do lar.

Meses das tempestades,
imaxen da delor
que afrixe as mocedades
i as vidas corta en fror.

Chegade, e tras do outono
que as follas fai caer,
nelas deixá que o sono
eu duurma do non ser.

E cando o sol fermoso
de abril torne a sorrir,
que alume o meu reposo,
xa non o meu sufrir.

23 DE FEBREIRO- DÍA DE ROSALÍA

Non sei se me ules a rosas,
se as rosas me ulen a ti;
só sei que non hai ulido
mellor que o teu para min.
Tampouco sei si o sol brila,
ou se o que brila eres ti;
mais sei que si non te vexo
sempre é noite para min.

23 DE FEBREIRO- DÍA DE ROSALÍA

Din que non falan as plantas

Din que non falan as plantas, nin as fontes, nin os
paxaros,
nin a onda cos seus rumores, nin co seu brillo os
astros.

Dino, pero non é certo, pois sempre cando eu
paso,

de min murmuran e exclaman:

-Aí vai a tola soñando
coa eterna primavera da vida e dos campos,
e xa ben pronto, ben pronto, terá os cabelos canos,
e ve tremendo, aterricida, que cobre a xeada o
prado.

-Hai canas na miña cabeza, hai nos prados xeada,
mais eu prosigo soñando, pobre, incurable
somnia mbula,
coa eterna primavera da vida que se apaga
e a perenne frescura dos campos e as almas,
aínda que os uns esgótanse e aínda que as outras
se abrasan.

Astros e fontes e flores, non murmuredes dos
meus soños,
sen eles, como admirarvos nin como vivir sen
eles?

23 DE FEBREIRO- DÍA DE ROSALÍA

Roxiña cal sol dourado

Roxiña cal sol dourado,
garrida cal fresca rosa,
iba polo monte hermosa
co branco pe descalzo...

Copo de neve pousado,
deslumbrando á luz do día,
tan branco pe parecía.

(...)

Ó par da brisa temprada
que antre os salgueiros corría,
ela correndo seguía
unha beiriña encantada;
que alí mansa e sosegada
manaba unha fresca fonte
cabo da falda do monte.

23 DE FEBREIRO- DÍA DE ROSALÍA

Como dixemos, os pensamentos eran as flores favoritas de Rosalía. Se queredes sumarvos á proposta da AELG, escollede as cinco palabras que máis vos gustaron destes poemas e poñédeas nun pétalo arredor do retrato de Rosalía creando un pensamento.

